

**ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CELEBRADA O 20 DE OUTUBRO DE 2016.**

Na sala de Xuntas da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 9:00 horas do día 20 de outubro de 2016, reúnese, habendo sido debidamente convocados ao efecto, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

**Presidente da Mesa:** D. José Tomé Roca (Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos).

**Vogais:** D<sup>a</sup>. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez (Concelleira de Réxime Interior e Facenda).

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Buján Arias (Interventora Acctal).

D. José M<sup>a</sup> Baños Campo (Secretario Xeral).

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Valcarce Rodríguez (Técnico municipal de contratación).

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa e cumpridas as formalidade esixidas polo Rd. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo RD. 817/2009, de 8 de maio, e polo Rd. 1098/2001, de 19 de outubro, procedese ao estudo e debate dos asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria da sesión, a saber.-

*- Apertura, en acto privado, dos sobres nº1 "Documentación Previa" e de resultar procedente, en acto público, apertura dos Sobres nº2 "Oferta Económica" que conteñan a documentación das ofertas dos licitadores concorrentes ao contrato "DOS SEGUROS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS MEDIANTE LOTES, PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA (EXP.036-SERVPA16)*

Polo Secretario da Mesa de Contratación se da conta dos licitadores concorrentes ao procedemento respecto dos Lotes aos que presentaron as súas ofertas, co seguinte resultado.-

**Lote I.- Danos materiais.**

Non existen ofertas.

**Lote II.- Responsabilidade civil.**

- Segurcaixa Adeslas, S.A.

**Lote III.- Responsabilidade civil de autoridades e persoal do Concello.**

- Segurcaixa Adeslas, S.A.

A continuación, se procede a apertura, en acto privado, do sobre que contén a documentación previa "Sobres nº1" do licitador concorrente ao Lote II, resultando o seguinte.-

Licitador	Contido do sobre nº 1
Segurcaixa Adeslas, S.A.	Axústase ao esixido na cláusula 11ª do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP-.

De seguido, se procede á apertura do sobre nº 2 "Oferta económica" de Segurcaixa Adeslas, S.A. en tanto único licitador concorrente ao Lote II, resultando o seguinte.-

- Prima ofertada 7.340,90.-€

**MELLORAS EN LÍMITES E SUBLÍMITES**

LÍMITES / SUBLÍMITES	LÍMITE ESTABLECIDO NO PPT	LÍMITE OFERTADO
Límite xral. sinistro	1.000.000 €	3.000.000 €

Sublímite vítima patronal / Cruzada	300.000 €	600.000 €
-------------------------------------	-----------	-----------

**MELLORAS EN COBERTURAS**

COBERTURAS	Sublímite establecido para a mellora	SI	NO
Danos Patrimoniais puros	300.000 € stro. / ano	X	
Perda ou extravío de documentos	60.000 € stro. / ano	X	
Danos a bens confiados	90.000 € stro. / ano	X	
RC Orden Público	60.000 € stro. / ano	X	

**REDUCCIÓN FRANQUÍA**

	FRANQUÍA PPT	FRANQUÍA OFERTADA
Importe	300 €	Sen franquía

**RETROACTIVIDAD**

Períodos	SI	NO
Por un período de 1 ano.		
Por un período de 2 anos.	X	
Por un período de 3 anos.		

A continuación, se da conta da oferta económica de Segurcaixa Adeslas S.A. correspondente ao Lote III do contrato, obténdose o seguinte resultado.-

**MELLOR OFERTA ECONÓMICA**

Prima ofertada: 4.875,00.-€

**AUMENTO DO LÍMITE DE INDEMINZACIÓN**

Límite ofertado: 2.000.000,00.-€

Segundo o disposto na cláusula 14ª das do prego de cláusulas administrativas a Mesa de Contratación procede a valoración das ofertas achegadas en atención aos criterios de adjudicación recollidos na cláusula 12ª do citado prego, co seguinte resultado.

**LOTE II (RESPONSABILIDADE CIVIL)**

Licitador	Mellor oferta económica	Melloras en Límites e sublímites	Melloras en coberturas	Redución de franquía	Retroactividade	Total
Segurcaixa Adeslas, S.A.	54 ptos.	15 ptos.	15 ptos.	10 ptos.	3 ptos.	97 ptos.

**LOTE III (RESPONSABILIDADE CIVIL DE AUTORIDADES E PERSOAL)**

Licitador	Mellor oferta económica	Aumento límite indemnización	Total
Segurcaixa Adeslas, S.A.	80 ptos.	20 ptos.	100 ptos.


Por canto antecede, a Mesa de Contratación, pola unanimidade dos seus membros propón ao órgano de contratación a adopción dos seguintes Acordos-

- Declarar deserto o procedemento para a contratación do seguro de Danos Materiais (Lote I) de conformidade co disposto no artigo 151.4 do Trlcp, por ausencia de licitadores ao mesmo.
- Adxudicar a Segurcaixa Adeslas, S.A. o contrato administrativo privado do seguro de Responsabilidade Civil (Lote II) do Concello de Monforte de Lemos, todo elo, previo requirimento pola presidencia da Mesa da documentación a que se refire a cláusula 15ª do prego de cláusulas administrativas particulares.e por resultar a súa oferta a economicamente máis vantaxosa das presentadas.
- Adxudicar a Segurcaixa Adeslas, S.A. o contrato administrativo privado do seguro de Responsabilidade Civil de Autoridades e Persoal do Concello de Monforte de Lemos (Lote III), todo elo, previo requirimento pola presidencia da Mesa da documentación a que se refire a cláusula 15ª do prego de cláusulas administrativas particulares e por resultar a súa oferta a economicamente máis vantaxosa das presentadas.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 9.14 horas, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O Presidente da Mesa

O Secretario da Mesa,



VOGAIS

A Concelleira de Facenda e Réxime Interior,

A Interventora Acctal,

O Secretario Xeral,